



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO

Lugar: Casa do Concello
Día: 19 de marzo de 2015
Hora de comezo: 13.45 h
Hora de remate: 14.20 h

ASISTENTES:

Don Jesús Sanjúas Mera
Don Manuel Mouriño Varela
Don Jesús J. Santasmarinas Devesa
Dona Raquel García Fraga

AUSENTES:

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde, don Jesús Sanjúas Mera, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos polo secretario – interventor accidental, don Juan Manuel Corral Sánchez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DIA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Xustificación subvención para contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego, ano 2014**
- 3. Requirimento documentación para obter autorización para ocupación de espazo público**
- 4. Solicitude de financiamento para a prestación de Servizos Sociais comunitarios polo concello de Boqueixón, ano 2015**
- 5. Alta tarxeta de estacionamento para minusválidos**
- 6. Altas nos servizos de abastecemento e saneamento municipal**
- 7. Xustificación subvención plurianual para a mellora das coleccións bibliográficas**
- 8. Clasificación de ofertas presentadas para programa de prevención de dependencia**
- 9. Clasificación das ofertas presentadas para o servizo de axuda no fogar**
- 10. Licenzas urbanísticas**

- 11. Aprobación de facturas**
- 12. Punto de urxencia**
- 13. Rogos e preguntas**

DELIBERACIÓNS

1.Aprobación da acta anterior

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 5 de marzo de 2015

2.Xustificación subvención para contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego, ano 2014

Con data do 31 de decembro de 2013, sae publicado no DOGA número 249 a Orde do 20 de decembro de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego no exercicio 2014.

Con data do 28 de xaneiro de 2014 solicítase dita subvención coa finalidade de levar a cabo todas aquelas actuacións en medidas de información, acompañamento, motivación e asesoramento que, tendo en conta as circunstancias persoais da persoa beneficiaria, lle permitan determinar as súas capacidades e intereses e xestionar a súa traxectoria individual de aprendizaxe, a busca de emprego ou a posta en práctica de iniciativas empresariais.

Con data de rexistro de entrada no Concello de Boqueixón do 19 de maio de 2014, recíbese a notificación da resolución favorable, por un importe de 20.000€, relativa á contratación de 1 persoa técnica por un período de 12 meses, dende o 1 de febreiro de 2014 ata o 31 de xaneiro de 2015.

Tendo en conta que o concello contratou a unha técnico durante o período subvencionado e que se prestou o servizo de información, orientación e prospección de emprego de xeito satisfactorio, e tendo en conta, así mesmo, que o prazo para a presentación da xustificación remata o 31 de marzo de 2015.

A Xunta de Goberno acorda:

- a) Comunicar á Dirección Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Traballo:
 - 1. Que se cumpriu a finalidade da subvención concedida pola Consellería de Traballo e Benestar por un importe de 20.000€ para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego no exercicio 2014.
 - 2. Que a subvención recibida para o desenvolvemento das accións de información, orientación e prospección de emprego do expediente de referencia, destinouse aos fins para os cales se concedeu e de acordo coa normativa aplicable a esta.

3. Que non se recibiu ningún outro ingreso ou subvención para a financiación da actividade subvencionada.
4. Que os pagos efectuados dende o 1 de febreiro de 2014 ata o 31 de xaneiro de 2015, ao persoal técnico orientador, se corresponden co seguinte desglose:

MES	CUSTOS SALARIAIS MENSUAIS (1)			CUSTOS SEG. SOCIAL MENSUAIS (2)			TOTAIS
	SALARIO BRUTO (inc. pluses salariais)	P.P.PAGAS EXTRAS	CUSTO SALARIAL MENSUAL (A)	% COTA PATRONAL Á SEGURIDADE SOCIAL	CNAE/ OCUPACIÓN	COTA PATRONAL Á SEG.SOCIAL (B)	TOTAL CUSTO MENSUAL (A+B)
FEBREIRO	1.081,44	180,24	1.261,68	32,10%	A	405,00	1.666,68
MARZO	1.081,44	180,24	1.261,68	32,10%	A	405,00	1.666,68
ABRIL	1.081,44	180,24	1.261,68	32,10%	A	405,00	1.666,68
MAIO	1.081,44	180,24	1.261,68	32,10%	A	405,00	1.666,68
XUÑO	1.081,44	180,24	1.261,68	32,10%	A	405,00	1.666,68
XULLO	1.081,44	180,24	1.261,68	32,10%	A	405,00	1.666,68
AGOSTO	1.081,44	180,24	1.261,68	32,10%	A	405,00	1.666,68
SETEMBRO	1.081,44	180,24	1.261,68	32,10%	A	405,00	1.666,68
OUTUBRO	1.081,44	180,24	1.261,68	32,10%	A	405,00	1.666,68
NOVEMBRO	1.081,44	180,24	1.261,68	32,10%	A	405,00	1.666,68
DECEMBRO	1.081,44	180,24	1.261,68	32,10%	A	405,00	1.666,68
XANEIRO	1.081,44	180,24	1.261,68	32,10%	A	405,00	1.666,68
TOTAL			15.140,16			4.860,00	20.000,16

b) Aprobar a memoria xustificativa.

3.Requirimento documentación para obter autorización para ocupación de espazo público

Por unanimidade acórdase retirar este punto da orde do día

4.Solicitud de financiamento para a prestación de Servizos Sociais comunitarios polo concello de Boqueixón, ano 2015

O Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o eu financiamento, que ven a substituír a orde de convocatoria anual de subvencións para a prestación de servizos sociais polas corporacións locais , modifica substancialmente a forma de financiamento e define os equipos de servizos sociais segundo o número de habitantes e áreas urbanas, metropolitanas, semiurbanas, rurais e rurais de alta dispersión. Boqueixón é, segundo esta nova clasificación, unha área semiurbana 2 (Anexo I do Decreto).

No artigo 34 defínense tipos de equipo profesional de servizos sociais comunitarios básicos, establecendo no anexo II a dotación de persoal técnico segundo o tipo de concello e área, correspondendo por número de habitantes a este Concello unha Unidade de Traballo Social que asegura a presenza dun ou dunha traballador ou traballadora social.

Segundo o artigo 31 do capítulo V, **as deputacións provinciais apoiarán prioritariamente o financiamento do SAF básico aos concellos de menos de 20.000 habitantes, así como o financiamento aos ditos concellos para a contratación de persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais con perfís profesionais diferentes e complementarios ao do profesional de referencia** (Traballador/a Social) que se regula no artigo 37 deste decreto.

O capítulo VIII, art. 40, establece como fontes de financiamento dos servizos comunitarios:

- Créditos consignados nos orzamentos das entidades locais titulares dos servizos.
- Achegas realizadas polas deputacións provinciais de acordo co establecido no artigo 31 do decreto.
- Achegas realizadas pola Xunta de Galicia.
- Recursos financeiros xerados polos ingresos en concepto de copagamento dos servizos que realicen as persoas usuarias, de conformidade coa normativa sectorial de aplicación.
- Calquera outra achega pública ou privada destinada a este fin.

O artigo 41 regula os aspectos xerais do financiamento por parte da Xunta de Galicia, que cofinanciará as corporacións locais mediante transferencias finalistas. Serán financiábles os seguintes gastos:

-Retribucións de persoal

-Gastos derivados da prestación de axuda no fogar (para persoas dependentes reguladas no artigo 58).

- Gastos de xestión e realización doutros programas.

O artigo 58, establece o financiamento, pagamento e xustificación do servizo de axuda no fogar para persoas en situación de dependencia valoradas con dereito a atención recoñecida. Para este fin pon en funcionamento unha aplicación informática denominada SIGAD que xestiona os expedientes e listas do SAF de dependencia, intensidades horarias, etc. Na Xunta de Goberno que tivo lugar o día 20 de outubro de 2010, acordouse a adhesión deste concello ao dito convenio. En virtude do mesmo a Xunta de Galicia transfere trimestralmente ás corporacións locais as cantidades que correspondan ao SAF

por dependencia en función das horas efectivamente prestadas e segundo os criterios para o financiamento do SAF recollidos no anexo III do decreto (9,7€ por hora efectiva de atención xustificada a persoas con PIA de SAF).

No artigo 61 do decreto tamén se regula a participación no financiamento do servizo de axuda no fogar das persoas dependentes valoradas con dereito recoñecido para SAF dependencia, así como doutros servizos básicos.

Con base no establecido neste Decreto e tendo en conta o artigo 50, que regula o cofinanciamento municipal dos gastos correntes derivados da prestación de servizos sociais comunitarios, os concellos de menos de 20.000 habitantes, achegarán o 20% do total do proxecto solicitado á Xunta, incluíndo en dita achega do 20% o financiamento da Deputación, copago das persoas usuarias, etc.

A petición para persoal do ano 2015 realízase con base nas cantidades concedidas pola Xunta no ano 2014 (tendo en conta o número de habitantes deste Concello só se financia a figura profesional da traballadora social xa que o resto de persoal debe ser cofinanciado con cargo á Deputación Provincial da Coruña).

No relativo ao servizo de axuda no fogar para persoas en situación de dependencia, solicítase a contía necesaria en función da asignación mensual de horas actuais a este Concello (1273 horas ao mes), puidendo sufrir variacións en función das altas e baixas que se vaian producindo ao longo do ano.

Con base ao establecido no *Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento*, a Xunta de Goberno acorda:

- Solicitar á Consellería de Traballo e Benestar a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal, regulada no *Decreto 99/2012, do 16 de marzo*, publicado no *Diario Oficial de Galicia* n.º 63 do día 30 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.
- Que o importe total do financiamento solicitado, segundo se reflicte neste resumo xeral é de **206746,32 €**, co seguinte detalle:
 - **Persoal:** 15013 €
 - **Mantemento:** 450 €
 - **Axuda no fogar para persoas dependentes:** 148177,2 €
 - **Xestión de programas:**
 - Escola Infantil Municipal: 37606,12 €
 - Xantar na Casa: 5500 €
- Continuar prestando nas mesmas condicións que no ano anterior os servizos sociais comunitarios municipais.
- Adoptar o compromiso de cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto presentado para a solicitude de financiamento para o ano 2015.

5. Alta tarxeta de estacionamento para minusválidos

Concesión dunha tarxeta de estacionamento para minusválidos

6. Altas nos servizos de abastecemento e saneamento municipal

A) Alta en abastecemento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de abastecemento, segundo o regulamento do servizo municipal de abastecemento, inclúese como beneficiario do servizo á persoa xurídica que se relaciona a continuación.

NOME E APELIDOS	DNI/CIF	ENDEREZO INMOBLE	TAXA
Talleres Sánchez Rey	xxxxx	Forte núm. // - Boqueixón	109,73 €

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda :

1º- Dar de alta no servizo de abastecemento á persoa que se detalla na relación anterior, establecendo as taxas correspondentes que se rexerán pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de abastecemento.

A alta concedida é para industria situada fóra do polígono industrial, ata 2 obreiros.

Dito beneficiario aboou a taxa no número de conta xxxxxx-(ABANCA). Achega xustificante da transferencia realizada.

2º- Notificar este acordo ó beneficiario citado anteriormente .

B) Alta en saneamento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de sumidoiros, segundo o regulamento do servizo municipal de saneamento, inclúese como beneficiaria de dito servizo á usuaria que se relaciona a continuación:

NOME E APELIDOS	DNI/CIF	ENDEREZO INMOBLE	TAXA
Isabel xxxxx	xxxxx	Camporrápado - Oural	54,86 €

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda :

1º- Dar de alta no servizo de saneamento á persoa que se detalla na relación anterior, establecendo a taxa correspondente que se rexerá pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de saneamento.

A alta concedida é para vivenda.

Dita beneficiaria aboou a taxa no número de conta xxxxxx(ABANCA). Achega xustificante da transferencia realizada.

2º- Notificar este acordo á beneficiaria citada anteriormente .

7. Xustificación subvención plurianual para a mellora das coleccións bibliográficas

Por acordo da Xunta de Goberno de 16 de outubro de 2014 solicitouse á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria unha subvención plurianual para a mellora

das coleccións bibliográficas da biblioteca municipal ó amparo da Orde do 23 de setembro de 2014 (DOG núm. 189 de 3 de outubro de 2014).

Con data 2 de febreiro de 2015 (DOG núm. 30 de 13 de febreiro de 2015), publícase a resolución das subvencións concedidas á Biblioteca municipal de Boqueixón correspondentes a:

- ano 2014: 553,64 €
- ano 2015: 553,64 €
- Total: 1.107,28 €**

Para os pagamentos deberán presentarse, antes do 30 de abril de 2015, as facturas xunto cos xustificantes dos pagos realizados ás empresas proveedoras e un informe da bibliotecaria e certificación de secretaría dos fondos adquiridos e de que forman parte da colección da biblioteca.

Por todo isto, e téndose cumpridos todos os requisitos necesarios para a xustificación da subvención concedida, a Xunta de Goberno acorda:

1º Aprobar, imputar e aboar as seguintes facturas con cargo a citada subvención, tal e como segue:

Rexistro	Data Fact.	Núm. factura	Razón Social/CIF	Concepto	Importe Total a aboar (con IVE)	Importe Imputado á subvención (con IVE)
15/394	2/3/2015	A08006017	MAYSO (Lucus conti distribucións, S.L. / CIF. B-15.974.801	Adquisición de fondos para a biblioteca municipal	901,48 €	901,48 €
15/443	5/3/2015	1/201500132	Nova Galicia Edicións, S.L. / CIF. B36818003	Adquisición de fondos para a biblioteca municipal	205,80 €	205,80 €

2º Comunicar este acordo á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

3º Comunicar este acordo á Tesourería do concello de Boqueixón para que proceda a realizar o pago das facturas.

8. Clasificación de ofertas presentadas para programa de prevención de dependencia

Na Xunta de Goberno do día 8 de xaneiro de 2015, aprobáronse os pregos que reñen a contratación para a adxudicación do servizo do programa de prevención da dependencia. Nesa mesma sesión acordouse invitar ó concurso as seguintes empresas:

Matilde Calvo Suárez
 Vagalume Xestión Integral de Servizos, SL
 Centro de Orientación de Estudos Comerciais,SL

Ó mesmo tempo publicouse a información no perfil do contratista da páxina web do concello.

No prazo establecido para o efecto (10 días naturais), preséntanse as seguintes ofertas:

Data e Rexistro	Empresa
-----------------	---------

26/2/2014 --- 15/346	Vagalume Xestión Integral de Servizos, SL
26/2/2014 --- 15/347	Matilde Calvo Suárez

Por parte do Servizo de Contratación é revisada a documentación dos sobres A, que está correcta.

Na Xunta de Goberno do día 5 de marzo, o órgano de contratación abre os sobres de referencias técnicas e trasládalle esta documentación ó Departamento de Servizos Sociais, para que elabore o correspondente informe de valoración.

Con data 10 de marzo, a Traballadora Social elabora o correspondente informe que a continuación se transcribe literalmente:

Ana Anta Fernández, traballadora social dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Boqueixón, con relación ao procedemento de adxudicación do Programa de Prevención de Dependencia, cuxa responsable é a Educadora Familiar do servizo,

“INFORMA:

Que logo de analizar a documentación que conforma o Sobre B: “Referencias técnicas” das empresas invitadas, constátase que a empresa Matilde Calvo Suárez é a que oferta unha programación máis completa, contemplando multiplicidade de aspectos que é necesario considerar ao traballar cun grupo como o que é obxecto deste programa. Malia que se trata dunha actividade grupal contempla a análise de cada unha das actividades coa finalidade de desenvolve-la tendo en conta a situación de cada persoa usuaria. Concibe o programa desde unha perspectiva integral que, ademais de procurar o mantemento da autonomía das persoas participantes, busca no desenvolvemento das actividades unha forma de previr o illamento e fomentar a socialización. A memoria da dita empresa recolle de forma pormenorizada a metodoloxía e planificación do servizo, contemplando aspectos fundamentais como son:

- *A acollida das persoas usuarias.*
- *A relación do persoal técnico coa persoa usuaria e a súa familia, baixo un código ético e profesional ben determinado.*
- *O seguimento e coordinación co persoal dos Servizos Sociais do Concello.*

Así mesmo, propón como melloras o asesoramento en axudas técnicas que repercuten na calidade de vida das persoas participantes no domicilio, así como a organización de xornadas convivenciais.

Con relación ao persoal ofertan unha terapeuta ocupacional e, se fose preciso, outros perfís profesionais para o desenvolvemento dalgunha das actividades.

Por último, presenta unha relación de material que desglosa segundo a súa utilidade en cada unha das actividades que se propón realizar.

*Con respecto á outra empresa, **Vagalume Xestión Integral de Servizos**, presenta unha memoria simple, que se limita a facer constar os aspectos básicos do desenvolvemento do programa que constan no prego de contratación, sen especificar aspectos fundamentais no tocante á planificación e xestión do servizo. Non presentan a relación de medios materiais da que se servirían para pór en marcha o programa.*

Por todo o anteriormente exposto a puntuación das dúas empresas presentadas quedaría como se expón a continuación:

<i>Empresa</i>	<i>Memoria da actividade</i>	<i>Medios materiais</i>	<i>Puntuación total</i>
<i>Matilde Calvo Suárez</i>	<i>15</i>	<i>10</i>	<i>25</i>
<i>Vagalume Xestión Integral de Servizos</i>	<i>5</i>	<i>0</i>	<i>5</i>

Boqueixón, 10 de marzo de 2015.

Ana Anta Fernández

Colexiada 2088

A continuación, despois de ver o informe, o órgano de contratación abre os sobres de Oferta económica onde se obteñen os seguintes datos:

Empresa	Prezo
Matilde Calvo Suárez	19,95 €/h – IVE exento
Vagalume Xestión Integral de Servizos	20.02€/h – IVE incluído

A vista destes datos, ten que excluírse do procedemento de contratación á empresa Vagalume, posto que presenta unha oferta que supera o presuposto máximo de licitación especificado na cláusula 3 do prego, que é de 20€/hora, incluíndo todo tipo de honorarios de profesionais, seguros, impostos de outros gastos de xestión.

Á vista dos datos a Xunta de Goberno acorda:

1 Clasificar, por orde decrecente as seguintes propostas presentadas:

Empresa	Memoria da actividade	Medios materiais	Oferta económica	Total puntuación
Matilde Calvo Suárez	15	10	25	50

2 Requirir ó licitador con maior puntuación para que presente, no prazo de 5 días hábiles, a documentación que se sinala na cláusula 11 do prego de cláusulas administrativas.

Tamén presentarán o correspondente aval polo importe do 5% do importe ofertado, excluído o IVE

9. Clasificación das ofertas presentadas para o servizo de axuda no fogar

Na Xunta de Goberno do día 8 de xaneiro de 2015, aprobouse iniciar a contratación do servizo de axuda no fogar e, ó mesmo tempo, os pregos de cláusulas administrativas e técnicas que rexen a contratación.

O día 13 de xaneiro publícanse os pregos e o anuncio de licitación no perfil do contratista da páxina web municipal. O día 20 de xaneiro sae publicado o anuncio no BOP e ó día seguinte publícase no xornal El Correo Gallego, SA e xa se especifica que o prazo para presentar as ofertas económicas remata o día 4 de febreiro.

No prazo establecido para a presentación de documentación, achegan as súas ofertas as seguintes empresas:

Núm. orde	Data presentación	Empresa	Núm. de rexistro
1	04/02/2015	Servizos Sociais Ulla Sar, SL	15/203
2	03/02/2015	Atendo Calidade,SL	15/191
3	04/02/2015	Barti Servizos 2009,SL	15/211
4	04/02/2015	Marine Bos Aires, SL	15/207
5	30/01/2015	Servizos Sociais a Comunidade,SL	15/153
6	03/02/2015	Servital Servizos Sociosanitarios, SL	15/192
7	03/02/2015	Pedroso y Rojas,SL	15/195
8	04/02/2015	Clece,SA	15/210
9	04/02/2015	Primosa Servizos Integrais, SL	15/213

Posteriormente reúnense, o día 19 de febreiro, 2 vogais da mesa de contratación, o responsable do órgano de contratación, a secretaria do concello e a responsable de contratación, e ábrese os sobres de documentación A segundo consta na acta correspondente.

O día 26 de febreiro de 2015, reúnese a mesa de contratación, oficialmente constituída, e ábrese os sobres de referencias técnicas. Neste acto, aparte de varios representantes das empresas, tamén se atopan as 3 traballadoras sociais, que foron nomeadas para formar o comité de expertas que será o que valore a documentación presentada por cada unha das empresas en canto ós criterios que dependen dun xuízo de valor reflectidos nos pregos.

Segundo consta na acta da sesión, a empresa CLECE,SA non presenta correctamente a documentación. O proxecto non está paxinado e tan só consta dun índice na súa primeira páxina. Ó non estar paxinado, resulta trabaloso saber onde comezan e rematan os epígrafes sinalados no índice.

Polo tanto, a empresa Clece queda excluída do proceso ó non presentar a documentación de acordo co ditado nos pregos de cláusulas administrativas que rexen a contratación.

O día 10 de marzo, o comité de expertas presenta no rexistro do concello as actas onde se reflicten as valoracións dos sobres B – Referencias Técnicas que cada unha das empresas obtivo. A continuación transcribe literamente o contido de cada unha delas:

Acta da primeira reunión do comité de expertas nomeada polo concello de boqueixón para valorar as propostas das empresas que se presentan á “Contratación mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios do servizo de axuda no fogar”

Anuncio publicado no BOP da coruña N° 12 do martes 20 de xaneiro de 2015

Órgano convocante: Concello de Boqueixón
Lugar de celebración: Casa do Concello de Boqueixón – Forte s/n – 15.881 Boqueixón (A Coruña)
Data: Xoves, 26 de febreiro de 2015.

Hora de comezo:	09:30 horas
Hora de finalización:	14:00 horas
Obxecto:	Reunión da Mesa de Contratación para a apertura dos sobres B de Referencias Técnicas e comezo da valoración dos <i>Proxectos Técnicos de Desenvolvemento do Servizo</i> polo Comité de Expertas.

Compoñentes do Comité de Expertas:

- Mónica Rodríguez Palacio - Traballadora Social Colx. nº 752
- Inés Currais Recarey - Traballadora Social Colx. nº 2.663
- Virginia Amor Carballido - Traballadora Social Colx. nº 2.684

Asistentes do Comité de Expertas:

- Mónica Rodríguez Palacio - Traballadora Social Colx. nº 752
- Inés Currais Recarey - Traballadora Social Colx. nº 2.663
- Virginia Amor Carballido - Traballadora Social Colx. nº 2.684

PRIMEIRO. Das 09:30 h. ás 11:00 h. a **Mesa de Contratación** procedeu á apertura en acto público dos sobre B de “Referencias Técnicas”:

***SOBRE “B”**, titulado “Referencias Técnicas”, incluírá: a documentación que permita valorar a proposición de acordo cos criterios que dependen dun xuízo de valor:*

- Proxecto técnico de desenvolvemento do servizo**, de acordo co establecido na cláusula 3. do prego de prescricións técnicas*
- Memoria descritiva das melloras ofertadas polo licitador**, sen custo adicional para a administración, valoradas economicamente.*

SEGUNDO. Das 11:00 ás 14:00 o **Comité de Expertas** procedeu á iniciar a valoración dos Proxectos Técnicos de Desenvolvemento do Servizo, comezando primeiro pola materia “recursos humanos” e segundo pola materia “recursos materiais”, en base ás directrices contidas:

– no **Prego de Cláusulas Administrativa:**

Proxecto técnico de desenvolvemento do servizo: de 0 a 50 puntos.

Valorarase neste apartado os aspectos de intervención social e de xestión do servizo coa seguinte distribución:

- *De 0 a 20 puntos valoraranse os aspectos de organización, coordinación e control de calidade.*
- *De 0 a 12 puntos valoraranse os **recursos humanos**. A estes efectos deberá especificarse de forma inequívoca o persoal que queda adscrito directa e continuamente á prestación do servizo no concello de Boqueixón.*
- *De 0 a 10 puntos valorarase a contextualización do SAF dentro do sistema de servizos sociais e adecuación á realidade social do municipio.*
- *De 0 a 8 puntos valoraranse os **recursos materiais** adscritos de forma directa e de xeito continuado á prestación do servizo no concello de Boqueixón.*

– no **Prego de Condicións Técnicas:**

MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS PARA A PRESTACIÓN DO SAF

6.1. Medios persoais

A empresa adxudicataria deberá dispoñer en todo momento de persoal suficiente e coa titulación axeitada para a prestación do servizo, axustándose ao disposto na normativa vixente en materia laboral e de regulamentación desta prestación.

a) Persoal técnico:

Para a correcta coordinación do servizo, a entidade adxudicataria asignará a unha persoa titulada en Traballo Social o exercicio do cargo de persoa coordinadora, coas seguintes funcións: [...]

b) Persoal auxiliar:

A atención directa do SAF será prestada por auxiliares de axuda no fogar que contarán coa titulación requirida en cada momento para a prestación de servizos ás persoas obxecto de atención no SAF, segundo o fixado na propia orde autonómica que regula este servizo e na normativa laboral e formativa vixente en cada momento. De igual forma, a empresa adxudicataria deberá manter un programa de formación continuada.

Este persoal realizará, no propio domicilio ou no contorno, as actividades precisas para executar as atencións propias do SAF, seguindo as pautas de actuación e coidados indicados pola persoa coordinadora do servizo.

Ademais da atención directa o persoal auxiliar deberá informar á coordinadora da evolución do caso e con carácter inmediato dar conta das incidencias que teñan lugar.

c) Persoal técnico adicional:

Este persoal desenvolverá aquelas atencións complementarias que a empresa adxudicataria formulara na súa oferta e deberá contar coa titulación oficial que corresponda ao tipo de intervención que desenvolva.

Ademais do cumprimento da obriga de subrogación do persoal a empresa adxudicataria promoverá a estabilidade no emprego ao longo do período de xestión deste contrato público.

6.2. Medios materiais

a) Local de referencia e dotación:

A empresa adxudicataria deberá contar cun local de referencia, que será a sede da base operativa do programa, e que en todo caso deberá estar situado no concello de Boqueixón ou nun dos concellos limítrofes. O local, ademais de medios para a atención ás persoas usuarias e para o arquivo de información de carácter confidencial, deberá dispor de liña telefónica e conexión a internet. Así mesmo, para os efectos de posibilitar o contacto permanente durante o período de atención do servizo, a persoa coordinadora deberá contar con teléfono móbil.

b) Roupa de traballo:

A empresa adxudicataria facilitará un equipo de traballo axeitado para a realización das súas tarefas ás auxiliares de axuda no fogar. Na uniformidade figurará a imaxe corporativa do Concello de Boqueixón e o texto “Servizo de

Axuda no Fogar”. O persoal quedará obrigado ao seu uso durante a realización do seu traballo.

c) Medios materiais complementarios:

Ademais dos anteriores a empresa adxudicataria porá a disposición do SAF do Concello de Boqueixón todos aqueles medios materiais que resulten necesarios para implementar correctamente o conxunto de prestacións ofertadas na súa proposta.

– no **Prego de Condicións Técnicas. Anexo I:**

PROXECTO TÉCNICO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN

O documento do proxecto deberá estar paxinado e contar cun índice no seu inicio. Presentarase nun formato de fácil manexo, con espiral ou outro sistema que resulte accesible.

A estrutura de contidos fará referencia, cando menos, a todos os aspectos que se enuncian a continuación, garantirá a coherencia e claridade expositiva, e procurará facilitar o coñecemento da oferta que se presenta, evitando información irrelevante.

Poderán achegarse anexos con contidos estritamente vinculados ao proxecto formulado, sempre que estes resulten necesarios para a súa mellor comprensión.

Índice de contidos

- 1. Contextualización do SAF no sistema de servizos sociais comunitarios básicos e adecuación á realidade no Concello de Boqueixón.*
- 2. Planificación, organización, xestión, seguimento e avaliación do servizo.*
- 3. Recursos persoais.*
- 4. Recursos materiais.*
- 5. Plans de formación continua para o persoal.*
- 6. Controis de calidade.*
- 7. Plans de prevención de riscos laborais.*
- 8. Melloras complementarias.*

TERCEIRO. A valoración da materia “recursos humanos” quedou como segue:

	Recursos Humanos de 0 a 12 puntos
Pedrosa y Rojas S. L.	10,5
Pimosa Servicios Integrais S.L.	9,0
Servicios Sociais Ulla-Sar S.L.	9,5
Servicios Sociais á Comunidade S.L.	1,5
Marine Bos Aires S.L.	2,5
Servital Servicios Sociosanitarios S.L.	11,0
Barti Servicios 2009 S.L.	3,5
Atendo Calidade S.L.	12,0

CUARTO. A valoración da materia “recursos materiais” quedou como segue:

	Recursos Materiais de 0 a 8 puntos
Pedrosa y Rojas S. L.	6,5
Pimosa Servicios Integrais S.L.	8,0
Servicios Sociais Ulla-Sar S.L.	5,5
Servicios Sociais á Comunidade S.L.	5,0
Marine Bos Aires S.L.	1,5
Servital Servicios Sociosanitarios S.L.	6,5
Barti Servicios 2009 S.L.	5,5
Atendo Calidade S.L.	6,5

QUINTO. O **Comité de Expertas** fixa a 2ª reunión de valoración dos Proxectos Técnicos de Desenvolvemento do Servizo para o xoves 5 de marzo ás 09:30 h. na Casa do Concello de Boqueixón.

SEXTO. O **Comité de Expertas** devólvelle a documentación técnica ao persoal do Concello de Boqueixón.

E non habendo máis asuntos que tratar, péchase a reunión, da que se estende a presente acta, asinada por todas as persoas asistentes do **Comité de Expertas**.

Mónica Rodríguez Palacio
Traballadora Social Colx. nº
752

Inés Currais Recarey
Traballadora Social Colx. nº
2.663

Virginia Amor Carballido
Traballadora Social Colx. nº
2.684

“Acta da segunda reunión do comité de expertas nomeada polo concello de boqueixón para valorar as propostas das empresas que se presentan á “Contratación mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios do servizo de axuda no fogar”

Anuncio publicado no BOP da coruña Nº 12 do martes 20 de xaneiro de 2015

Órgano convocante:	Concello de Boqueixón
Lugar de celebración:	Casa do Concello de Boqueixón – Forte s/n – 15.881 Boqueixón (A Coruña)
Data:	Xoves, 5 de marzo de 2015.
Hora de comezo:	09:30 horas
Hora de finalización:	14:00 horas
Obxecto:	Reunión do Comité de Expertas para continuar coa valoración dos <i>Proxectos Técnicos de Desenvolvemento do Servizo</i> .

Compoñentes do Comité de Expertas:

- Mónica Rodríguez Palacio - Traballadora Social Colx. nº 752
- Inés Currais Recarey - Traballadora Social Colx. nº 2.663

- Virginia Amor Carballido - Traballadora Social Colx. nº 2.684

Asistentes do Comité de Expertas:

- Mónica Rodríguez Palacio - Traballadora Social Colx. nº 752
- Inés Currais Recarey - Traballadora Social Colx. nº 2.663
- Virginia Amor Carballido - Traballadora Social Colx. nº 2.684

PRIMEIRO. Das 09:30 ás 14:00 o **Comité de Expertas** procedeu a continuar coa valoración dos Proxectos Técnicos de Desenvolvemento do Servizo, comezando primeiro pola materia “**melloras**”, segundo pola materia “**organización, coordinación e control de calidade**” e terceiro pola materia “**contextualización do SAF dentro do sistema de Servizos Sociais e adecuación á realidade social do municipio**” en base ás directrices contidas:

– no *Prego de Cláusulas Administrativa*:

Melloras: de 0 a 30 puntos.

Valoraranse as melloras ofertadas polas empresas, sen custo adicional para a administración, que estean directamente relacionadas co obxecto do contrato e que repercutan na mellora do servizo, en concreto:

- Programa de empréstimo de axudas técnicas, valoraranse as condicións, número e tipoloxía dos dispositivos recollidos no programa tales como grúas de mobilización, camas articuladas, colchóns antiescaras, cadeiras de rodas para a ducha, asentos xiratorios e outros artigos de baño, coxíns antiescaras, andadores, pastilleiros, etc. Este apartado valorarase de 0 a 10 puntos.

- Programa de dispoñibilidade para a prestación de servizos de emerxencia, atencións puntuais e de reforzo temporal do servizo. Este apartado valorarase de 0 a 10 puntos.

- Accións de voluntariado social na modalidade de acompañamento, valorándose a proposta técnica e a adaptación da mesma ao concello de Boqueixón. Este apartado terá unha valoración de 0 a 5 puntos.

- Outras melloras, diferentes ás relacionadas nos apartados anteriores, que oferte o licitador e que de forma suficientemente razoada melloren a prestación do servizo. Este apartado terá unha valoración de 0 a 5 puntos.

Achegarase unha memoria suficientemente detallada das melloras ofertadas na que se describa con claridade a cuantificación, condicións da implantación, repercusión na prestación do servizo e valoración económica.

Proxecto técnico de desenvolvemento do servizo: de 0 a 50 puntos.

Valorarase neste apartado os aspectos de intervención social e de xestión do servizo coa seguinte distribución:

*- De 0 a 20 puntos valoraranse os aspectos de **organización, coordinación e control de calidade**.*

- De 0 a 12 puntos valoraranse os recursos humanos. A estes efectos deberá especificarse de forma inequívoca o persoal que queda adscrito directa e continuuamente á prestación do servizo no concello de Boqueixón.

- De 0 a 10 puntos valorarase a **contextualización** do SAF dentro do sistema de servizos sociais e adecuación á realidade social do municipio.

- De 0 a 8 puntos valoraranse os recursos materiais adscritos de forma directa e de xeito continuado á prestación do servizo no concello de Boqueixón.

- no **Prego de Condicións Técnicas:**

ORGANIZACIÓN DO TRABALLO E COORDINACIÓN ENTRE OS SERVIZOS SOCIAIS E A EMPRESA ADXUDICATARIA

Obrigas dos servizos sociais comunitarios

a) Iniciarán, instruirán e resolverán os expedientes de acceso ao SAF, sen prexuízo das peculiaridades vinculadas a aqueles servizos que se enmarcan dentro do SAAD.

b) Remitirán á empresa adxudicataria a comunicación e a documentación pertinente para proceder a facer efectiva unha nova alta.

c) Comunicarán á empresa adxudicataria toda aquela información da que teñen coñecemento e que resulte de relevancia para a correcta xestión dos expedientes.

d) Promoverán e participarán nas reunións de coordinación necesarias para garantir a correcta prestación do SAF.

Obrigas da empresa adxudicataria do SAF

a) Elaborará o proxecto de intervención de cada caso a partir da resolución da concesión da prestación do SAF e do contido da proposta técnica efectuada pola traballadora social municipal.

b) Fará efectiva a prestación do servizo a través do seu persoal técnico e auxiliar.

c) A traballadora social realizará as visitas que resulten pertinentes e emitirá cando menos con carácter bimensual un informe de seguimento.

d) A través da súa traballadora social, comunicará á maior brevidade posible (sen esperar ao informe de seguimento) aquelas circunstancias que poidan alterar de forma significativa a prestación do servizo e efectuará propostas de modificación que melloren a atención proporcionada polo SAF así como, no seu caso, fundamentará a pertinencia da baixa neste servizo debido á súa inadecuación. Tamén comunicará, á maior brevidade posible, as baixas e suspensións temporais. Nos casos en que a ausencia poida dar lugar a exención do pagamento ou á redución pertinente, a empresa remitirá a documentación xustificativa que proceda.

e) Anualmente presentará unha memoria sobre o desenvolvemento do SAF que conterá como mínimo o indicado no anexo II. A entrega deberá facerse antes do día 1 de febreiro do ano seguinte.

f) Comunicará aos servizos sociais a incorporación de persoal en prácticas e solicitará ás persoas usuarias autorización para a participación destas persoas profesionais en formación na atención que se lle preste.

g) Efectuará os mínimos cambios na asignación do persoal auxiliar, a fin de evitar desorientacións e alteracións que afecten ao desenvolvemento da vida cotiá e á intimidade da persoa. Así mesmo, a alternancia das auxiliares que prestan a

atención directa axustarase aos cambios mínimos e imprescindibles para garantir a prestación flexible e adaptada ás necesidades das persoas usuarias.

h) Mensualmente, xunto coa presentación da factura relativa aos servizos prestados, remitirá aos servizos sociais comunitarios unha relación das persoas beneficiarias onde se faga constar as horas efectivamente prestadas e as auxiliares asignadas a cada caso.

i) A traballadora social coordinadora do SAF participará de todas aquelas reunións de coordinación cos servizos sociais comunitarios que resulten precisas para garantir a correcta prestación do servizo.

j) A alta dos servizos efectuarase no prazo máximo de 10 días naturais dende a sinatura do acordo de prestación do servizo.

k) No caso de inicios de carácter urxente ou cando os servizos sociais comunitarios aprecien motivos para a modificación urxente das condicións de prestación do SAF, a empresa deberá reducir o tempo indicado no apartado anterior, quedando este limitado ao que resulte imprescindible para non interferir na correcta xestión xeral do SAF. En calquera caso, este inicio ou modificación realizarase con carácter inmediato cando se trate de garantir a cobertura de necesidades básicas.

l) Empregarase a imaxe corporativa do Concello de Boqueixón en toda a documentación utilizada na execución do contrato.

m) A empresa adxudicataria respectará as condicións do servizo que se veña prestando, sen prexuízo da promoción de novas formas organizativas que redunden nunha mellora da prestación global e en ningún caso atente contra os dereitos das persoas usuarias.

n) A entidade adxudicataria e o seu persoal respectarán as normas vixentes con relación á protección e tratamento dos datos de carácter persoal aos que teñan acceso con motivo do desenvolvemento do servizo.

A empresa adxudicataria estará obrigada á prestación do SAF, conforme ao establecido no presente Prego, no Prego de cláusulas administrativas que rexen o procedemento de contratación, e de acordo coa proposición realizada pola empresa.

ÁMBITO TERRITORIAL E TEMPORAL DA PRESTACIÓN DO SAF

Ámbito territorial

A prestación do servizo realizarase como norma xeral dentro do domicilio da persoa beneficiaria e no termo municipal de Boqueixón. De forma excepcional e sempre que resulte tecnicamente xustificado na efectiva consecución dos obxectivos do proxecto de intervención individual, poderá autorizarse a realización de atencións puntuais noutro lugar do anteriormente fixado. A traballadora social municipal deberá autorizar estas actuacións cando non foran recollidas na proposta inicial de intervención.

Ámbito temporal

a) O servizo prestarase entre as 7:00 e as 22:00 horas.

b) O servizo ás persoas usuarias do SAF na súa modalidade de atención a persoas en situación de dependencia recoñecida poderá prestarse todos os días do ano e, en todo caso, atenderá ao formulado no punto 3.3.1. deste prego.

c) O servizo para aquelas persoas que sexan beneficiarias do SAF como prestación básica prestarase con carácter xeral de luns a venres excepto días festivos e, en todo caso, atenderá ao formulado no punto 3.3.2.. deste prego.

d) A distribución horaria do servizo atenderá a criterios técnicos e na súa fixación deberá escoitarse a demanda da persoa beneficiaria ou de quen a represente. A traballadora social dos servizos sociais municipais efectuará unha proposta que será vinculante para a fixación do horario por parte da empresa, sen prexuízo da necesidade de realizar pequenas adaptacións para a correcta organización da prestación do servizo.

e) Excepcionalmente o SAF na súa modalidade de prestación básica poderá concederse, de acordo coa proposta feita pola traballadora social municipal, en fins de semana e festivos, cando este aspecto sexa valorado como imprescindible para o cumprimento dos obxectivos do proxecto de intervención individual.

SEGUNDO. A valoración da materia “**melloras**” quedou como segue:

	Melloras de 0 a 30 puntos
Pedrosa y Rojas S. L.	27,0
Pimosa Servicios Integrais S.L.	11,0
Servicios Sociais Ulla-Sar S.L.	16,0
Servicios Sociais á Comunidade S.L.	7,0
Marine Bos Aires S.L.	17,0
Servital Servicios Sociosanitarios S.L.	27,0
Barti Servicios 2009 S.L.	3,0
Atendo Calidade S.L.	27,0

TERCEIRO. A valoración da materia “**organización, coordinación e control de calidade**” quedou como segue:

	Organización, Coordinación e Control de Calidade De 0 a 20 puntos
Pedrosa y Rojas S. L.	19,0
Pimosa Servicios Integrais S.L.	4,0
Servicios Sociais Ulla-Sar S.L.	11,0
Servicios Sociais á Comunidade S.L.	4,0
Marine Bos Aires S.L.	3,5
Servital Servicios Sociosanitarios S.L.	19,5
Barti Servicios 2009 S.L.	4,5
Atendo Calidade S.L.	19,0

CUARTO. A valoración da materia “**contextualización do SAF dentro do sistema de Servizos Sociais e adecuación á realidade social do municipio**” quedou como segue:

	Contextualización do SAF dentro do Sistema de Servizos Sociais e Adecuación á Realidade Social do Municipio De 0 a 10 puntos
Pedrosa y Rojas S. L.	3,0
Pimosa Servicios Integrais S.L.	1,0
Servicios Sociais Ulla-Sar S.L.	4,0
Servicios Sociais á Comunidade S.L.	0,0
Marine Bos Aires S.L.	0,0
Servital Servicios Sociosanitarios S.L.	3,0
Barti Servicios 2009 S.L.	1,0
Atendo Calidade S.L.	6,0

QUINTO. O **Comité de Expertas** fixa a 3ª reunión de valoración dos Proxectos Técnicos de Desenvolvemento do Servizo para o luns 9 de marzo ás 16:00 h. na Sala de Estudo do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia.

SEXTO. O **Comité de Expertas** devólvelle a documentación técnica ao persoal do Concello de Boqueixón.

E non habendo máis asuntos que tratar, péchase a reunión, da que se estende a presente acta, asinada por todas as persoas asistentes do **Comité de Expertas**.

Mónica Rodríguez Palacio
Traballadora Social Colx. nº
752

Inés Currais Recarey
Traballadora Social Colx. nº
2.663

Virginia Amor Carballido
Traballadora Social Colx. nº
2.684

Acta da terceira reunión do comité de expertas nomeada polo concello de boqueixón para valorar as propostas das empresas que se presentan á “Contratación mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios do servizo de axuda no fogar”

Anuncio publicado no BOP da coruña Nº 12 do martes 20 de xaneiro de 2015

Órgano convocante:	Concello de Boqueixón
Lugar de celebración:	Sala de Estudo – Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia – Santiago de Comp.
Data:	Luns, 9 de marzo de 2015.
Hora de comezo:	16:00 horas
Hora de finalización:	20:30 horas
Obxecto:	Reunión do Comité de Expertas para finalizar a valoración dos <i>Proxectos Técnicos de Desenvolvemento do Servizo</i> e redactar e asinar as Actas.

Compoñentes do Comité de Expertas:

- Mónica Rodríguez Palacio - Traballadora Social Colx. nº 752
- Inés Currais Recarey - Traballadora Social Colx. nº 2.663
- Virginia Amor Carballido - Traballadora Social Colx. nº 2.684

Asistentes do Comité de Expertas:

- Mónica Rodríguez Palacio - Traballadora Social Colx. nº 752
- Inés Currais Recarey - Traballadora Social Colx. nº 2.663
- Virginia Amor Carballido - Traballadora Social Colx. nº 2.684

PRIMEIRO. Das 16:00 ás 18:00 o **Comité de Expertas** procedeu á finalizar a valoración dos Proxectos Técnicos de Desenvolvemento do Servizo, quedando como segue:

	Proxecto Técnico de 0 a 50 puntos	Melloras de 0 a 30 puntos	Total
Pedrosa y Rojas S. L.	39,0	27,0	66,0
Pimosa Servicios Integrais S.L.	22,0	11,0	33,0
Servicios Sociais Ulla-Sar S.L.	30,0	16,0	46,0
Servicios Sociais á Comunidade S.L.	10,5	7,0	17,5
Marine Bos Aires S.L.	7,5	17,0	24,5
Servital Servicios Sociosanitarios S.L.	40,0	27,0	67,0
Barti Servicios 2009 S.L.	14,5	3,0	17,5
Atendo Calidade S.L.	43,5	27,0	70,5

SEGUNDO. Das 18:00 ás 20:30 o **Comité de Expertas** procedeu a redactar as Actas.

E non habendo máis asuntos que tratar, péchase a reunión, da que se estende a presente acta, asinada por todas as persoas asistentes do **Comité de Expertas**.

Mónica Rodríguez Palacio
Traballadora Social Colx. nº
752

Inés Currais Recarey
Traballadora Social Colx. nº
2.663

Virginia Amor Carballido
Traballadora Social Colx. nº
2.684

O día 13 de marzo, reúnese a mesa de contratación para abrir os sobres C de ofertas económicas, e así poder obter os datos para a valoración dos criterios de forma automática. As valoracións obtidas polos criterios avaliáveis de forma automática foron as seguintes recollidas no cadro que a continuación se transcribe:

**CRITERIOS AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA
MÁXIMO 20 PUNTOS**

EMPRESAS	PREST. ESPEC. COMPLEMENTARIAS MÁXIMO 12 PUNTOS			SERVIZO DE TRANSP. ADAPTADO MÁXIMO 8 PUNTOS			SUMA TOTAIS
	0,10 hora/ano			0,25 servizo/ano			PUNTUACIÓN
N. horas	Puntos	Total	N. servizos	Puntos	Total		

Servizos Sociais Ulla Sar, SL	144,00	0,10	12,00	32	0,25	8,00	20,00
Atendo Calidade,SL	120,00	0,10	12,00	32	0,25	8,00	20,00
Barti Servicios 2009, SL	48,00	0,10	4,80	0	0,25	0,00	4,80
Marine Bos Aires, SL	190,00	0,10	12,00	6	0,25	1,50	13,50
Servizos Sociais á Comunidade,SL	224,00	0,10	12,00	0	0,25	0,00	12,00
Servital Servicios Sociosanitarios, SL	120,00	0,10	12,00	32	0,25	8,00	20,00
Pedrosa y Rojas, SL	120,00	0,10	12,00	32	0,25	8,00	20,00
Pimosa Servicios Integrais,SL	30,00	0,10	3,00	15	0,25	3,75	6,75

As puntuacións finais, sumando os criterios que dependen dun xuízo de valor e os de forma automática son as seguintes:

EMPRESAS	CRITERIOS XUIZOS DE VALOR		CRITERIOS DE FORMA AUTOMÁTICA		PUNTA CIÓN TOTAL
	PROXECTO TECNICO	MELLORAS	PRESTAC. ESPEC.	SERVIZO TRANSP.	
Atendo Calidade,SL	43,50	27,00	12,00	8,00	90,50
Servital Servic. Sociosanitarios,SL	40,00	27,00	12,00	8,00	87,00
Pedrosa y Rojas, SL	39,00	27,00	12,00	8,00	86,00
Servizos Sociais Ulla Sar,SL	30,00	16,00	12,00	8,00	66,00
Pimosa Servicios Integrais, SL	22,00	11,00	3,00	3,75	39,75
Marine Bos Aires, SL	7,50	17,00	12,00	1,50	38,00
Servizos sociais á Comunidade, SL	10,50	7,00	12,00	0,00	29,50
Barti Servicios 2009,SL	14,50	3,00	4,80	0,00	22,30

A mesa de contratación, que se reuniu o día 19 de marzo ás 13 h. propón, a adxudicación do contrato de axuda no fogar á empresa Atendo Calidade, SL por ser a que maior puntuación acadou no concurso.

Á vista dos datos achegados pola mesa de contratación a Xunta de Goberno acorda:

1 Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas:

EMPRESAS	CRITERIOS XUIZOS DE VALOR		CRITERIOS DE FORMA AUTOMÁTICA		PUNTA CIÓN TOTAL
	PROXECTO TECNICO	MELLORAS	PRESTAC. ESPEC.	SERVIZO TRANSP.	
Atendo Calidade,SL	43,50	27,00	12,00	8,00	90,50
Servital Servic. Sociosanitarios,SL	40,00	27,00	12,00	8,00	87,00

Pedrosa y Rojas, SL	39,00	27,00	12,00	8,00	86,00
Servicios Sociais Ulla Sar,SL	30,00	16,00	12,00	8,00	66,00
Pimosa Servicios Integraís, SL	22,00	11,00	3,00	3,75	39,75
Marine Bos Aires, SL	7,50	17,00	12,00	1,50	38,00
Servicios sociais á Comunidade, SL	10,50	7,00	12,00	0,00	29,50
Barti Servicios 2009,SL	14,50	3,00	4,80	0,00	22,30

2 Requirir ó licitador que presentara a oferta máis vantaxosa para que no prazo máximo de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte ó que reciba o requirimento, presente a documentación xustificativa de atoparse ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social. Asi mesmo, deberá acreditar que dispón dos medios que tivese comprometido adscribir á execución do contrato, de acordo cos pregos e coa oferta realizada, e de ter constituída a garantía definitiva.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas.

10.Licenzas urbanísticas

Concesión de licenza municipal de obras para a construción dunha edificación para usos agrícolas, no lugar de xxxxx, na parroquia da Granxa. Expte: 15/92

ANTECEDENTES:

Con data do 16/01/2015 (registro de entrada núm. 15/92), por D. Manuel xxxxx, con DNI xxxxx , preséntase un proxecto técnico, asinado polo arquitecto técnico D. Pablo Ferreira Souto, para a construción dunha edificación auxiliar de uso agrícola, situada no lugar de xxxxx, na parroquia da Granxa, e emprazada urbanísticamente en Solo de Núcleo Rural.

Con data do 20/01/2015 (registro de saída 15/40), por parte da Alcaldía, ponse en coñecemento do promotor, os importes das taxas municipais que deberá liquidar, segundo as ordenanzas correspondentes.

Con data do 06/02/2015, a técnica municipal emite un **informe técnico, favorable condicional**, no que obrigan ao promotor a presentar un anexo coas modificacións sinaladas neste.

Con data do 10/02/2015 (registro de saída 15/97, de data do 11/02/2015), por parte da Alcaldía, ponse en coñecemento do Sr. xxxxx o contido do informe técnico, dándolle traslado dunha copia do mesmo e comunícaselle que debe presentar a documentación que se sinala no dito informe.

Con data do 20/02/2015, (registro de entrada 15/317, de data 23/02/2015), preséntanse modificacións ao proxecto, en base ao informe técnico emitido.

Con data do 06/03/2015, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítase o **informe técnico favorable**, no que se corresponde coa normativa urbanística municipal, e para a realización dos traballos expostos na documentación presentada. No mesmo faise constar que as carpinterías serán de cores escuros.

Con data do 13/03/2015, emítase informe xurídico, no que se sinala que o expediente tramitouse de conformidade coa legalidade urbanística.

Consta no expediente a xustificación do ingreso da taxa, pola solicitude da licenza municipal de obras, por importe de 61,62 € (ingresada aos efectos con data do 11/02/2015); así como a escritura pública de segregación e compravenda, na que se inclúe a correspondente cesión a viario. Polo que, unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Conceder, a D. Manuel xxxxxx, a licenza municipal de obras, para a “*construcción dunha edificación para usos agrícolas*”, sita no lugar de xxxxx, na parroquia da Granxa, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros e coas seguintes condicións:

a.-) Condicións particulares:

01. Núm. do expediente: 15/92
02. Promotor da licenza: MANUEL xxxxxx
03. DNI do promotor: xxxxx
04. Clasificación urbanística: SOLO DE NÚCLEO RURAL
05. Tipo de Obras: CONSTRUCCIÓN DUNHA EDIFICACIÓN PARA USOS AGRÍCOLAS
06. Situación e emprazamento: xxxxxx – A GRANXA
07. Taxa pola solicitude da licenza: 61,62 €
08. Orzamento de execución material das obras: 8.000,00 €
09. Liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (I.C.I.O.): 200,00 €
10. Técnico autor do proxecto: PABLO FERREIRA SOUTO. Arquitecto Técnico
11. Prazos de execución:
 - Para comezar as obras: SEIS MESES
 - Para terminar as obras: TRES ANOS

b.-) Condicións especiais:

12. As carpinterías serán de cores escuros.
13. Durante a execución das obras, tomaranse as medidas de seguridade e saúde necesarias.
14. De ser necesaria a colocación dos andamios, estes deberán ser homologados.
15. Deberanse cumprir tódalas condicións impostas no proxecto técnico e toda a documentación complementaria presentada, que serve de base para a concesión desta licenza.

Segundo:

Aprobar, a liquidación dos dereitos municipais, por importe de **200,00 €**, e que deberán ser ingresados nas arcas municipais.

Pago da liquidación:

Na tesourería deste Concello, en horas de oficina, ou ben na seguinte conta bancaria, aberta a nome do “Concello de Boqueixón.”

- Conta Nº: xxxxxx (Lestedo - Boqueixón).

11.Aprobación de facturas

Por unanimidade acórdase aprobar as seguintes relacións de facturas que suman un total de **36.799,56 euros** e que a continuación se relacionan e desagregan nos seguintes listados:

Aprobar as seguintes facturas domiciliadas:

	NOME	TEXTO EXPLICATIVO	PROGR.	ECON.	IMPORTE
1	SOCIEDAD ESTATAL DE CORREOS Y TELÉGRAFOS	CORREO MES FEBREIRO	920	22102	220,02 €
				TOTAL	220,02 €

Aprobación de facturas pendente de pago:

	NOME	TEXTO EXPLICATIVO	PROGR.	ECON.	IMPORTE
1	ABRALDES GONZALEZ, JOSE - NEUMÁTICOS ABRALDES	CAMBIO NEUMÁTICOS C6319CG	1532	21300	269,95 €
2	ASCENSORES ENOR, S.A.	MANTENIMENTO ASCENSOR MARZO	920	21300	76,23 €
3	AUTOELECTRICO SERGUDE, S.C.	REPARAR SOPORTE E SOLDAR PISO 7414BSL	1621	21300	26,09 €
4	BOTANA GRANJA, MANUEL	COPIA CHAVE	920	21200	8,75 €
5	CASA DO PATRÓN S.L.	PACK EXCURSIÓN MUSEO CASA DO PATRÓN	334	22609	678,00 €
6	COMERCIAL SÁNCHEZ Y TORRES SC	REPARACIÓN CORTACESPEDE	171	21300	94,10 €
7	COMPOSTELANA DE GAS 2011, S.L.	RECARGA GAS CAMPO DE FÚTBOL DO FORTE	342	22102	146,25 €
8	DROGUERIA-FERRETERIA EL SOL S.L.	CHAVE PARA VÁLVULAS	1532	22199	101,04 €
9	EDITORIAL COMPOSTELA S.A. - EL CORREO GALLEGO	LICITACION DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR	920	22001	235,95 €
10	EDITORIAL COMPOSTELA S.A. - EL CORREO GALLEGO	DIA INTERNACIONAL DA MULLER	920	22001	302,50 €
11	EDITORIAL COMPOSTELA S.A. - EL CORREO GALLEGO	PROMOCION ENTROIDO SERGUDE E FESTA FILLOA (6,11,16,18 e 20 de febreiro)	432	22602	1.452,00 €
12	FERNANDEZ VIEITES, EUGENIO	LIQUIDACIÓN DE GASTOS	920	23120	49,50 €
13	GALICIA G. AUDIVISUAL, SLU - SANTIAGO TV	PROMOCIÓN FESTA DA FILLOA	432	22602	302,50 €
14	LUCUS CONTI DISTRIBUCIONS S.L.	COMPRA DE LIBROS BIBLIOTECA MUNICIPAL	3321	22699	901,48 €
15	MERCADO DE ABASTOS DE SANTIAGO SOC. COOP. GALEGA	GASTOS DE LIMPEZA, MANT,... EXP. XENERAIS DO ULLA	432	22602	45,37 €
16	MIGUEL CARRILLO FREIRIA	HOSTING E PROGRAMACIÓNS PÁXINA WEB	920	22799	290,40 €
17	MONTOUTO REPARACIONES, S.L.	CAMBIO ACEITE, FILTROS E REPARACIÓNS CAMIÓN DO LIXO	1621	21300	1.094,13 €
18	NOVA GALICIA EDICIÓNS S.L.	COMPRA LIBROS BIBLIOTECA MUNICIPAL	3321	22699	205,80 €
19	PICCADILLY SCHOOL OF ENGLISH SL	CLASES DE INGLÉS FEBREIRO	334	22609	2.240,00 €
20	RADIO POPULAR, S.A. - COPE SANTIAGO	CUÑAS PROMOCIONALES DA FESTA DA FILLOA	432	22602	1.815,00 €
21	SAROLTA ZALAN	LIQUIDACIÓN DE GASTOS	920	23120	24,00 €
22	SERVICIOS Y MATERIALES, S.A. - SERMASA	SAD (PRESTACION BASICA) MES DE FEBRERO	231	22799	1.705,87 €
23	SERVICIOS Y MATERIALES, S.A. - SERMASA	SAD (USUARIOS DE DEPENDENCIA) MES DE FEBRERO	231	22799	17.452,97 €
24	SOGAMA - SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE	TRATAMENTO RU MES FEBREIRO	1623	21200	6.457,21 €
25	UNIPREX S.A.U. - ONDA CERO	CUÑAS PUBLICITARIAS FESTA FILLOA EN ONDA CERO	432	22602	226,88 €
26	UNIPREX S.A.U. - ONDA CERO	CUÑAS PUBLICITARIAS FESTA FILLOA EN EUROPAFM	432	22602	121,00 €
27	VAZQUEZ FERNANDEZ, MARIA DEL CARMEN	PRODUCTOS ALIMENTICIOS ESCOLA INFANTIL XANEIRO	231	22105	256,57 €
				TOTAL	36.579,54€

12.Punto de urxencia

Motívase a urxencia deste punto en que a revista “Xanela de Primavera” ten que saír publicada antes do 21 de marzo de 2015 e algúns dos prezos de actividades, a incluír na revista, non puideron ser concretados ata o día 18 de marzo de 2015.

Posto que a vindeira Xunta de Goberno non se realiza ata o 19 de marzo de 2015 e tendo en conta que a mesma ten competencia para tratar este punto de aprobación de prezos públicos por delegación plenaria do 14 de marzo de 2012, a Xunta de Goberno aproba a urxencia deste punto.

Aprobación prezos actividades Xanela de Primavera 2015

Vista a “Ordenanza reguladora dos prezos públicos por servizos ou actividades promovidas polo Concello de Boqueixón nas áreas de cultura, deporte, xuventude e servizos sociais” aprobada no Pleno ordinario do día 14 de marzo de 2012, a Xunta de Goberno acorda:

1. Aprobar os seguintes prezos para as actividades programadas na Xanela de Primavera 2015 :

- Saída a Marcelle: 11 € escolares ata 4º ESO
13 € adultos (indúe desprazamento, visita ao parque e obradoiro infantil)
- Curso informática (avanzado): 15 €/mes
- Multiaventura “Ecoparque de Marín”: 25 € (inclúe transporte, circuito, seguro e visita)
- Encontro de maiores: Empadroados: 60 anos ou máis e pensionistas: 10 €
Menos de 60 anos: 22 €
Non empadroados: 25 €
- Coñece Galicia
Comarca de Ortigueira: 20 € (inclúe comida, transporte e guía)
- Boqueixón en ruta
Andalucía: 405 € (inclúe autobús, pensión completa, seguro e guía)
- Summer camp
Parque Pena Aventura (Portugal): 350 € (inclúe desprazamento, aloxamento, pensión completa, seguro, actividades con monitor bilingüe e material)

2. Publicar estes prezos na Axenda cultural e deportiva Xanela de primavera 2015 e na páxina web do concello.

13.Rogos e Preguntas

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretario – interventor accidental.

O secretario – interventor accidental

Visto e prace
O alcalde